

Unha pedagogía da transición

A base educativa de altair é a pedagogía do proxecto e unha metodoloxía baseada na Acción. Isto significa cambio e axencia como obxectivos: mellorar facendo cousas para conseguir obxectivos.

A transición configúrase como unha forma de facer que se proxecta en obxectivos e medios. Transitar é camiñar, non ir a unha velocidade excesiva que pode romper vínculos e lazos, e a ruta sexa imposible de seguir. Transitar é avanzar, á velocidade practicable, para non volver atrás.

Hai parcelas do mundo que precisan mudanzas urxentes e drásticas. Como regra xeral, entendemos que a fórmula da transición, como un xeito de actuar amábel e firme, que parta das realidades concretas e das posibilidades reais para ir mellorando os aspectos considerados susceptíbeis de mellora, é o procedemento máis eficaz.

A transición ten niveis distintos: desexamos que un mundo opulento paulatinamente decrezca e reparta mellor, para que a xente poida vivir mellor, sen esgotar recursos nin lesar as persoas e o medio. Desexamos que outros mundos que o precisaren crezan cos mesmos criterios. Que a nosa cidade ou o noso lugar viva do mesmo xeito, convencendo e convencéndonos que isto é mellor para tod@s. Desexamos reutilizar e reciclar o que poidamos para gozar co aproveitamento non lesivo de recursos.

E ten obxectos distintos: valores, relación co medio, construción de comunidade ...

Pedagoxicamente, a transición é un mecanismo verdadeiramente útil e efectivo: contribuír para detectar posibles parcelas de mellora en nós, nos individuos, no grupo, fixar obxectivos e transitar para conseguilos: camiñar nesa dirección ao ritmo practicable, executábel.

Un grupo altair é, en si mesmo, unha comunidade en transición, e, por selo, incide en todas as súas comunidades relacionais para elas seren tamén comunidades en transición.